

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

**MD85PRO01**

**Programación de Interpretación**

---

**Materia optativa 6º GP**

**Curso: 2024 - 2025**

# Índice

1.	Introdución .....	3
2.	Metodoloxía.....	3
3.	Atención á diversidade .....	4
4.	Temas transversais .....	4
4.1.	Educación en valores.....	4
4.2.	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's) .....	5
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	5
6.	Secuenciación do curso .....	6
6.1.	Obxectivos.....	6
6.2.	Contidos .....	6
6.3.	Avaliación .....	7
6.3.1.	Criterios de avaliación.....	7
6.3.2.	Mínimos esixibles.....	8
6.3.3.	Procedementos e ferramentas de avaliación.....	9
6.3.4.	Criterios de cualificación .....	9
6.4.	Medidas de recuperación .....	9
6.4.1.	Procedementos de recuperación ordinarios .....	9
6.4.2.	Procedementos de recuperación extraordinarios .....	9
6.5.	Recursos didácticos.....	10
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	10
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento .....	11

# 1. Introducción

---

O intenso desenvolvemento instrumental a que se ve sometido o alumnado ao longo do grao profesional alcanza no último curso un dos seus obxectivos fundamentais: demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora, configurándose o itinerario de interpretación como o colofón natural deste desenvolvemento.

O itinerario de interpretación pretende dotar o alumnado dunha base teórico-práctica en que se abordan os aspectos que, en relación coa innegable carga en destrezas técnico-físicas que integran os estudos profesionais de música, incida nas posibilidades de realización musical que se deron nos repertorios ao longo da historia da música occidental, desde o barroco ata o século XX.

Xa que logo, o coñecemento da tradición interpretativa resulta vital para o músico que encamiñe a súa traxectoria futura como intérprete, e este coñecemento pasa necesariamente polo acceso, a análise, a comprensión e a asimilación das fontes dispoñibles, tanto as escritas como as sonoras, aínda que son estas últimas as que permiten percibir a verdadeira esencia sonora da tradición musical.

Por outro lado, as cuestións relacionadas coa posta en escena resultan igualmente do máximo interese por incidiren nun aspecto básico para ter en conta por un intérprete.

Ante todas estas consideracións previas, é evidente que a disciplina se orienta de modo específico a dotar das ferramentas necesarias para o futuro intérprete, de modo que presente o máis amplo abano de posibilidades que o catálogo de agrupacións musicais actuais ofrece e, paralelamente, o oriente cara ás saídas profesionais relacionadas.

## 2. Metodoloxía

---

As clases serán dunha hora de duración e impartiranse en grupos tendo en conta a ratio de atención individual que precisa a materia. As clases en grupo son máis enriquecedoras nos aspectos creativo e participativo.

O proceso de ensino-aprendizaxe estará presidido polas teorías cognitivas do constructivismo, perseguindo sempre un tipo de aprendizaxe significativo, no cal o alumno vaia integrando os novos coñecementos aos xa asimilados previamente.

A figura do profesor ou profesora será de mediador ou mediadora continuo entre os coñecementos destinados a ser aprendidos durante este curso e o propio alumnado a quen vai dirixido. Con isto, se establece que o alumnado aprenderá de forma natural, tratando de que tódolos conceptos e procedementos se reflexen de maneira lóxica, basándose no descubrimento e na propia experimentación do alumnado.

En todo momento buscarase un tipo de aprendizaxe participativo, no que se analizarán e razoarán co alumnado todos e cada un dos contidos explicados nas clases.

### 3. Atención á diversidade

---

A avaliación diagnóstica será esencial para determinar as características persoais de cada alumno. Tras este primeiro contacto co alumnado, as clases se desenvolverán tendo en conta a súas capacidades e coñecementos.

Mediante a comunicación co alumnado e a participación nas diferentes actividades e exercicios programados, o profesorado preparará o material didáctico para as seguintes sesións. Así mesmo, deberá manter un seguimento diario do alumnado con actividades de consolidación e avaliación.

Dependendo das circunstancias que se presenten no aula, o profesor poderá expor as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico.
- Variacións da metodoloxía.
- Proposta de actividades de traballo alternativas.
- Organización do traballo de forma flexible.
- Cambio na temporalización dos novos contidos.

### 4. Temas transversais

---

O tratamento de contidos transversais é imprescindible para a formación integral do alumnado. Representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade. Son contidos de ensinanza esencialmente actitudinais que responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá e de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo.

#### 4.1. Educación en valores

Como toda ensinanza educativa na nosa programación atenderemos a temas que afectan aos individuos deste século XXI. Sinalamos aqueles aspectos da Educación en Valores que máis inciden directamente nas nosas ensinanzas.

**Educación ambiental:** será abordada a través do interese despertado polos estudos de contaminación acústica: fomentaremos a atención do propio alumnado á produción excesiva de rúidos no entorno e a atención ao silencio como marco imprescindible na execución e escoita musical.

**Educación para a saúde:** a práctica musical realízase corporalmente, polo que axuda a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento. Incidiremos na educación postural, adquisición dun correcto tono muscular, así como o aproveitamento da respiración. O coñecemento da voz e dos cambios que se producen nela é fundamental á hora de considerar a hixiene vocal.

**Educación para a igualdade entre sexos.** Como punto de partida previo a toda actividade musical debemos ter presente o principio de integración, e o respecto mutuo a

todos os integrantes na nosa actividade musical. Ademais de abordar actividades concretas como o papel da muller na música.

**Educación para a paz e a tolerancia**, inculcando o respecto cara as persoas do entorno inmediato, ou diferentes culturas do mundo tanto coa práctica instrumental como a audición activa de obras. A aceptación das regras de actuación, a ubicación no plano sonoro axeitado, a atención aos demais na práctica instrumental, etc. implican un acatamento das normas, imprescindible á hora de considerar o desenvolvemento social do individuo.

**Educación para o ocio**, achegando ao alumnado ás diferentes ofertas existentes con respecto a actividades musicais extraescolares, que favorezan un crecemento da súa sensibilidade musical, cultural e sentir estético.

**Educación do consumidor**. Resulta imprescindible desenvolver no alumnado unha actitude crítica ante o fenómeno musical, considerando a forte presión exercida na sociedade polos medios de comunicación.

**Educación moral e cívica**. A música amosou a súa relación coa sociedade ao longo do tempo, polo que a súa contribución á educación cívica aparece como unha constante en todas as épocas. Ademais, este transversal debe estar presente referido aos compañeiros, ao material da aula e ao profesor.

#### 4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro conta con equipos informáticos con conexión a Internet a disposición de profesorado e alumnado. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca-fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis axeitado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan. Existe no centro unha rede wi-fi que permite empregala no curso das clases para poñerlle ao alumno exemplos musicais de todo tipo, visualizar concertos, partituras manuscritas o editadas para lectura a vista, dixitación de fragmentos musicais, etc.

### 5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

---

Estas actividades son esenciais para o desenvolvemento persoal e artístico do alumnado. Estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e abordarán aspectos propios das ensinanzas de música:

- Cursos especializados.
- Asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música.
- Visita a museos ou exposicións.
- Concertos fóra en colexios, museos e institucións culturais por parte do alumnado, etc...

- Programación de intercambios co outros conservatorios.

O alumnado e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de todos os datos pertinentes.

Nestas actividades, organizadas para incentivar ao alumnado e mellorar a súa educación, resaltaránse ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

## 6. Secuenciación do curso

---

### 6.1. Obxectivos

1. Coñecer as técnicas básicas de estudo (organización, memoria, concentración, relaxación, etc.) e favorecer a súa automatización para aproveitar mellor o tempo adicado ao estudo diario.
2. Ser consciente das posibilidades físicas, a través do coñecemento e do dominio corporal, co fin de percibir as súas capacidades como intérprete.
3. Coñecer as características musicais e estilísticas dos diferentes períodos da historia da música e saber recoñecelas, tanto nas audicións como na música impresa.
4. Coñecer as diferentes convencións interpretativas de cada época e ser capaces de aplicarlas na súa interpretación instrumental.
5. Coñecer as características propias do seu instrumento, así como a súa evolución organolóxica, coa finalidade de realizar unha interpretación o mais axeitada posible.
6. Comprender as formas musicais máis características de cada período, así como as súas características.
7. Realizar audicións comparadas de distintas versións e ser capaces de describir con posterioridade os trazos máis característicos das obras escoitadas.
8. Adquirir o hábito de escoitar música ampliando a súa cultura musical, co obxectivo de alcanzar unha base sólida e fundamentada sobre na que poder realizar a súa interpretación.
9. Fomentar a curiosidade e o espírito crítico na hora de exporse as diferentes cuestións interpretativas.
10. Valorar a interpretación a través da propia execución con vistas a extraer conclusións obxectivas que melloren a súa calidade.

### 6.2. Contidos

1. Organización do traballo diario: técnicas de estudo, exercitación da memoria...
2. Técnicas corporais aplicadas á execución: técnica Alexander, método Feldenkreis, control escénico, ioga, visualización, técnicas de relaxación, concentración, respiración...
3. Coñecemento dos distintos segmentos corporais que interveñen nos movementos necesarios para a execución dos diferentes instrumentos.

4. Coñecemento das normas de actuación convencionais nos acontecementos musicais, como intérpretes e como oíntes. Protocolo escénico, normas e aplicación.
5. Principais características musicais dos diferentes períodos musicais, desde o Barroco ata o século XX.
6. A importancia das fontes primarias para a obtención da información o máis fidedigna posible.
7. As distintas convencións interpretativas nas diferentes etapas musicais: articulación, acentuación, tempo, ornamentación, improvisación, etc.
8. Evolución do gusto musical ao longo da historia da música.
9. Breve evolución organolóxica dos diversos instrumentos e da técnica interpretativa dos mesmos.
10. Características das principais formas musicais dos diferentes períodos da historia da música occidental.
11. Execución co propio instrumento de determinados pasaxes do seu repertorio na que o alumno deberá experimentar coas diferentes articulacións explicadas e posibilidades de fraseo musical, coa finalidade de desenvolver o seu espírito crítico.
12. Audicións comparadas de diferentes versións das pezas máis representativas da historia da música occidental.
13. Realización dos traballos de investigación solicitados polo profesor ao longo do curso.
14. Elaboración do programa de man do recital final.

### 6.3. Avaliación

A **avaliación inicial ou diagnóstica** determinará en que punto de aprendizaxe atópase o alumnado e o traballo que realizou de maneira autónoma durante os períodos non lectivos. Servirá para enfocar a aprendizaxe de forma personalizada segundo o nivel de cada alumno e en atención á diversidade. Utilizarase tamén ao comezo de cada sesión durante o seguimento das tarefas do alumnado para avaliar o traballo individual entre sesións.

A **avaliación continua** realizarase ao longo de todo o curso mediante a observación sistemática e diaria, a comunicación co alumnado e o seguimento de tarefas.

A **avaliación final** levarase a cabo ao finalizar cada trimestre, sendo especialmente relevante a de final de curso.

#### 6.3.1. Criterios de avaliación

1. Controlar a resposta corporal na interpretación a través do emprego das técnicas de relaxación, concentración e respiración estudadas. Mediante este criterio preténdese valorar o grao de relaxación, concentración e respiración que pode conseguir o alumnado para evitar as tensións que poidan provocar un esforzo físico innecesario e o medo escénico.
2. Analizar diferentes versións dunha mesma obra e comentar con posterioridade as súas principais características e diferencias interpretativas. Mediante este criterio

avalíase a capacidade do alumnado para delimitar e establecer os criterios estilísticos que rexeron a interpretación do repertorio desde o Barroco ata o século XX.

3. Realizar comentarios críticos ante interpretacións dunha mesma obra por parte de agrupacións diferentes. Este criterio avalía o proceso de evolución crítica do alumnado co obxecto de reflexionar sobre as características interpretativas dunha execución musical.
4. Comentar os aspectos interpretativos dunha partitura ante as súas diversas audicións. Con este criterio preténdese medir a capacidade do alumnado para comprender as aproximacións que se deron e se dan ante a partitura, ben como medio ou ben como fin.
5. Amosar unha actitude positiva e de participación ante os traballos e as audicións propostas. Mediante este criterio preténdese avaliar o grao de participación do alumnado, así como ou seu interese na clase.
6. Tomar conciencia do grao de integración no grupo do cal se forma parte. Mediante este criterio preténdese avaliar o grao de implicación do alumnado co grupo e a súa colaboración para desempeñar o papel que lle corresponda dentro del.
7. Xulgar as interpretacións propias e alleas. Mediante este criterio búscase avaliar a capacidade crítica do alumnado ante as propias interpretacións, así como ante as doutros intérpretes.
8. Realizar os traballos e as actividades propostas ó longo do curso. Mediante este criterio preténdese avaliar o traballo individual e a organización do alumnado.
9. Interpretación dun movemento dunha obra ou dun estudo tendo en conta as normas de protocolo escénico. Mediante este criterio preténdese mellorar a posta en escea e a seguridade do alumnado á hora de tocar en público.

### **6.3.2. Mínimos esixibles**

Considéranse mínimos esixibles os seguintes:

1. Coñecer as técnicas básicas de estudo (organización, memoria, concentración, relaxación, etc.) e favorecer a súa automatización para aproveitar mellor o tempo adicado ao estudo diario.
2. Ser consciente das posibilidades físicas, a través do coñecemento e do dominio corporal, co fin de percibir as súas capacidades como intérprete.
3. Coñecer as principais características musicais e interpretativas dos diferentes períodos da historia da música, desde o Barroco ata o século XX.
4. Coñecer a evolución organolóxica do propio instrumento e como o desenvolvemento da técnica instrumental determina o estilo na interpretación musical.
5. Analizar diferentes versións dunha mesma obra e comentar con posterioridade as súas principais características e diferencias interpretativas.
6. Executar co propio instrumento determinados pasaxes do seu repertorio e experimentar coas diferentes articulacións explicadas e posibilidades de fraseo musical.
7. Realizar comentarios críticos xustificados ante interpretacións dunha mesma obra por parte de agrupacións diferentes.



8. Comentar os aspectos interpretativos dunha partitura ante as súas diversas versións dun xeito xustificado.
9. Realizar unha das actividades propostas durante o curso.

### **6.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación**

Os principais procedementos que se empregarán para avaliar serán a observación sistemática e diaria, o seguimento das tarefas e a comunicación co alumnado.

As ferramentas que se empregarán son o diario de clases, a participación activa na aula e a realización das actividades propostas, xa sexan en forma de traballo escrito ou por medio da interpretación instrumental.

### **6.3.4. Criterios de cualificación**

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

Asistencia ás clases 40%	Participación activa na clase 30%	Actividades propostas 30%
--------------------------	-----------------------------------	---------------------------

No caso de obter cifras décimas no cálculo da nota, redondearase ao enteiro superior máis próximo se a cifra decimal é igual ou superior a 5, e ao enteiro inferior máis próximo se a cifra decimal é inferior a 5.

## **6.4. Medidas de recuperación**

### **6.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios**

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

### **6.4.2. Procedementos de recuperación extraordinarios**

Aqueles alumnos que non superaran a materia de xeito ordinario disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante a segunda quincena do mes de xuño. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia. Para iso, o alumno deberá presentar:

- Un traballo de investigación sobre a evolución do seu instrumento, que será exposto oralmente, entregando copia por escrito.
- Un traballo de investigación e interpretación dunha das obras do repertorio específico do seu curso. O traballo debe constar de:
  - Contexto histórico da obra.
  - Biografía do compositor.
  - Análise da obra a interpretar.
  - Comparativa de polo menos dúas versións diferentes.
  - Interpretación dun fragmento da obra na que se aprecien distintas opcións interpretativas.

### 6.5. Recursos didácticos

Para a elaboración do material didáctico se traballará con diferentes fontes audiovisuais (vídeos e grabacións), partituras e libros especializados:

- Associated Board of the Royal Schools of Music. (2002). *A Performer's Guide to Music of the Baroque Period*. London: ABRSM.
- Associated Board of the Royal Schools of Music. (2002). *A Performer's Guide to Music of the Classical Period*. London: ABRSM.
- Associated Board of the Royal Schools of Music. (2002). *A Performer's Guide to Music of the Romantic Period*. London: ABRSM.
- Butt, J. (2002). *Playing with History*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Casals, P. (1980). *Casals y el arte de la interpretación*. Barcelona: Idea Books, S.A.
- Grout, D. J y Palisca C. V (1999). *Historia de la música occidental, 2*. Madrid: Alianza Música, S.A.
- Lawson, C y Stowell, R. (1999). *La interpretación histórica de la música*. Madrid: Alianza Música, S.A.
- Mantel, G. Interpretación. (2007). *Del texto al sonido*. Madrid: Alianza Música, S.A.
- Klöppel, R. (2005). *Ejercitación mental para músicos*. Barcelona: Idea Books.
- Lawson, C y Stowell, R. (2009) *La interpretación histórica de la música*. Madrid: Alianza Música, S.A.
- Sardá rico, Esther (2003) *En forma: ejercicios para músicos*. Barcelona: Paidós.

## 7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

---

Mensualmente no departamento de corda, destinarase polo menos unha hora para levar a cabo as seguintes actividades:

- Posta en común dos criterios indicados na programación.
- Análise dos resultados obtidos polos alumnos.
- Adaptación da programación segundo as necesidades específicas do profesorado.
- Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación en función dos obxectivos fixados e os resultados acadados.

## **8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

---

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados. Na memoria final do Departamento de corda farase constar todos os aspectos ou acordos relevantes a este respecto, e a ter en conta de cara ao curso seguinte.

Ademais, nas reunións do departamento trataranse outros aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento ou o centro para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.